



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Ramón Vázquez Díaz, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento da Cámara, realiza a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relacionada coas prestacións sanitarias no Hospital Lucus Augusti.

O Hospital Lucus Augusti inaugurado no ano 2010 polo Sr.Feijoó, tras doce longos anos de obras e promesas, foi dende un inicio unha burbulla baleira. Moitos dos servizos agardados quedaron en simples promesas. E así, a Conselleira de Sanidade nese mandato, a Sra.Farjas, prometía que en 2011 estarían dotados os servizos de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear, cando, a día de hoxe, catro anos despois o Hospital segue carente dunhas prestacións básicas para evitar traslados quilométricos.

Traslados que supoñen, coma xa se ten explicado, sufrimento para as persoas e un risco evidente para a vida das mesmas no caso de precisar un servizo de hemodinámica. Non en van a mortalidade por infarto é máis elevada na provincia de Lugo, duplicando a media estatal. De feito, ante unha anterior pregunta de Alternativa Galega de Esquerda satisfeita en Comisión no ano 2014, a propia Xunta recoñeceu falecementos *in itinere* de doentes que desgraciadamente non chegaron a tempo a unha atención especializada que se sitúa nalgúns casos a máis de cen quilómetros.

A apertura da sala hemodinámica “en horario de oficina” no HULA, non resolveu o problema, xa que infartos e anxinas non entenden de horarios, polo que entre as 15:00 e as 08:00 no existe ningún equipo dispoñible para tratar estes problemas.

Os reclamos cidadás non só non foron escoitados, senón que a ILP debatida no Parlamento, que pretendía que estes servizos estivesen dispoñibles en todas as provincias igualándonos a galegos e galegas en dereitos, foi totalmente deturpada. O resultado foi un exíguo compromiso que se queda practicamente nun brinde ao sol. Outro máis, xa que non asegura servizo de Hemodinámica 24 horas e abre a porta á privatización dos servizos. Privatización que o Goberno PP xa ten en marcha dende 2013, co diálogo competitivo co que arrebatan mesmo a xestión de toda a alta tecnoloxía sanitaria, incluídas precisamente, medicina nuclear, intervencionista e radioterapia.

Mais incluso pese a aprobación deste texto legal, tampouco nestas condicións o Goberno semella disposto a dotar o centro. E, entremetres, as persoas seguen infartando e seguen tendo que trasladarse a recibir radioterapia.

Ante estes feitos, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA)**, presenta as seguintes preguntas:

- 1.- Cantas son as persoas doentes con infarto de miocardio, anxina de peito e outras patoloxía cardíacas agudas e dende que localidades foron trasladadas dende a provincia de Lugo a hospitais doutras provincias para recibir tratamento no ano 2014?
- 2.-Cantas persoas doentes con patoloxías cardíacas agudas, residentes na provincia de Lugo, faleceron durante o traslado e transporte a hospitais doutras provincias durante o ano 2014?
- 3.-Cantas persoas doentes con cancro, residentes na provincia de Lugo, foron trasladadas a centros médicos e hospitalarios doutras provincias para recibir tratamento de radioterapia no ano 2014 ?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2015

Asdo. : Eva Solla Fernández

Ramón Vázquez Díaz

Deputado e deputada do GP. da AGE



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/03/2015 19:19:35

Ramón Vázquez Díaz na data 25/03/2015 19:19:46